

A Guarda, a 11 de maio de 2018

O Concello da Guarda organiza os días 6, 7 e 8 de xullo a **Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira** na súa XXVIII edición. Como nas anteriores edicións a rúa da Porto acollerá a **Feira de Artesanía** na programación da festa **os días 7 e 8 de xullo**.

A continuación defínese a organización da feira coas esixencias que serán de obrigado cumprimento:

- Tan só poderán participar postos de artesanía. Polo que non se aceptan postos de revenda ou de segunda man.
- A participación é gratuíta para o artesán.
- É obrigatorio participar os dous días: 7 e 8 de xullo.
- O horario deberá ser respectado por todos os participantes. O posto deberá estar montado ás 11.00 e poderase desmontar a partir das 20.00 horas. No caso de choiva non se esixirá cumprir este horario.
- A organización pode solicitar a carta de artesán a aqueles interesados que así o considere. Para axilizar a organización recoméndase remitir a copia da carta de artesán ou ben xustificar por que non se ten.
- O Concello será o responsable da elección dos artesáns convidados e como nas edicións anteriores valorárase a aqueles artesáns que xa participaran na edición pasada. Excluiranse aqueles que incumprisen as bases.
- **O Concello facilita un stand de dous metros a cada artesán e non se poderá mover do lugar indicado pola organización.** Non haberá luz artificial.
- O posto será acondicionado polo artesán. É obrigado colocar no fronte o cartel anunciador da festa gastronómica (repartírase o a cada artesán no primeiro día da feira).
- O stand pódese aumentar con outro pequeno posto ou colgador de roupa SEMPRE que non ocupe máis dun metro. Procúrase que todos os stands teñan un tamaño e aspecto semellante.
- O persoal responsable da Feira encontrárase na carpa da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira para atender calquera dúbida ou problema que xurdira durante a feira.
- A recepción deste escrito non implica a participación na feira de artesanía.
- Persoa de contacto: Rosalía (Oficina de Turismo) no tel. 986 614 546. Teléfono de contacto para os días da feira: 620.795.901
- O Concello da Guarda como organizador pode modificar as condicións sendo comunicadas previamente ós artesáns.
- A participación na feira implica a aceptación das presentes bases.

**Para solicitar a participación na Feira de Artesanía da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira:**

-Remitir a solicitude cumprimentada completa a [turismo@aguarda.es](mailto:turismo@aguarda.es) e incluír a documentación.

**-Prazo de entrega das solicitudes: 25 de maio de 2018**